

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº49/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de maio / Estado Día das Letras de Ons

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## CARREIRA PEDESTRE VOLTA Á ILLA DE ONS

Despois de tres anos, esta proba atlética volve a Ons e paralelamente unha andaina. Páx. 1



## CONTOS DE TABERNA

Unha quenlla peregrina despístase da época na que pode alimentarse na praia de Barra en Cangas.

Páx. 2


## SUBVENCIONS PARA PROXECTOS CIENTÍFICOS

Esperamos que, a carón dos medioambientais e biolóxicos, tamén haxa estudos históricos e etnográficos. Páx. 1




## RUTA XACOBEEA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Por primeira vez de xeito oficial, este segundo ano xacobeo vai contar cunha verdadeira Ruta Marítima, que en Galicia, comezaría en A Garda e pasaría polas Illas atlánticas. Páx. 2




## AUNIOS 27

Pineiróns saca á luz o nº 27 da súa revista cultural. Páx. 4



## SALGADOIRO DE SUXESTIONS

Boa idea a de que en Ons os clubs de embarcacións tradicionais dean cursos de navegación en dornas. Foto: Voz



## Para cando un "DÍA DAS LETRAS DE ONS"

Sería moi interesante dedicar un día ás Letras das diferentes Illas do Parque Nacional. Páx. 6

## XACEMENTO ROMANO EN SÁLVORA

Unha interesante noticia si se preocupan pola súa escavación e posta en valor. Páx. 3



Que pasou co proxecto *TUTATIS*. Páx. 5



## VOLTA A ONS 2022

No ano 2019 non se celebrou esta carreira pedestre por motivos relacionados coa ecoloxía (que xa foron comentados en Onstopus nº5 <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/05/Onstopus-05.pdf>). No 2020 e 21, tampouco por mor da Covid, e, ao fin!!!, este ano 2022 foi unha realidade esta proba deportiva no mes de abril, concretamente o domingo día 24.

Non se alcanzou a participación doutras edicións, parecía que o tempo non ía a acompañar, pero resultou emocionante de todos os xeitos, gañando a proba masculina Álvaro Prieto que estableceu un novo récord de 1:07-15 e na parte feminina Beatriz Fernández cun rexistro de 1:22-10.

Paralelamente á carreira, houbo unha andaina, que si alcanzou un bo número de participantes, arredor de 100 que, segundo conta a prensa, bordearon toda a Illa.

### Fotos:

**Arriba:** Os participantes na carreira na típica foto, antes da proba, no peirao de Ons. Varu Camaway.

**Abaixo:** Cinco dos participantes na andaina coa camiseta conmemorativa. Salvador Santos (Charri).



## SUBVENCIONS PARA PROXECTOS CIENTIFICOS NO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLANTICAS DE GALICIA

Na prensa do día 24 de abril de 2022, atopámonos con esta excelente noticia. Están convocadas polo Goberno Central cun presuposto de 1,6 millóns de euros e hai de prazo de presentación dende o 27 de abril ao 27 de maio.

[https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-B-2022-12192](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-B-2022-12192)

Como digo a convocatoria é extraordinaria e dá pé a que investigadores, en todas as ramas que ofrece o Parque Nacional, poidan desenvolver traballos científicos moi necesarios para coñecer máis de preto as illas do Parque.

Pero atopámonos cunha circunstancia especial nestas illas que é, que os seus valores non son só ecolóxico-paisaxístico-biolóxicos, senón que tamén hai que ter en conta, e moito, as súas importantísimas temáticas socio-histórico-etnográficas que, sen medo a equivocarme, son, como mínimo, tan imprescindibles de estudos como as biolóxicas.

Como xa teño explicado, entre o persoal do Parque non hai un técnico especialista nestas materias, o que eu chamo Técnico Cultural, e que, de seguro, equilibraría a balanza, aínda que en notable minoría, cos demais técnicos do Parque que están incluídos na rama de biolóxicas.

Podemos comprobalo na prensa do día 29 de abril, na que nun artigo sobre esta nova, di que unha das illas do Parque, Cíes, cativa a numerosos investigadores e, lendo a noticia, comprobamos que todos os traballos de investigación que alí citan, son con temática biolóxica.

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2022/04/29/cies-cautiva-expertos-son-investigaciones-65506117.html>

Non imos a restar importancia a esa parte de estudo, pero soa moi estraño que non haxa nin unha soa referencia a investigacións de tipo histórico e, sobre todo, etnográfico que é o campo que está en paliativos, pola falla de dedicación dos responsables da xestión das illas atlánticas a través do tempo e máis grave aínda dende que están incluídas dentro dun Parque Nacional.

Ata o de agora pequenas referencias con varios traballos, case para xustificar que algo se fai neste eido ou colaboracións coa universidade, sempre e cando, sexa esta a que, por algún motivo, presenta algunha proposta de estudo (como as primeiras escavacións na salga e no castro de Ons), falta, por parte da Consellería de Medio Ambiente, xestora do Parque, o impulsar iniciativas para a realización de investigacións sobre a Historia, Etnografía, Arqueoloxía,..., de todas as illas que conforman o Parque Nacional, tal e como está recollido nas Declaracións de Intencións contidas no PRUX.





## CONTOS DE TABERNA

### UNHA QUENLLA PEREGRINA PRETO DO PARQUE NACIONAL

Non, non é un conto escoitado na mesa da partida de Ons, pero quizais en pouco, si pase a englobar esas historias que se contan en dita mesa.

O detalle foi, que cando se atopaban a pescar varios barcos na zona da praia de Barra en Cangas, deron aviso da aparición, ao costado dun deles, dunha quenlla, coidamos que da especie peregrina, que se atopaba realizando o Camiño Xacobeo Marítimo e desviouse para comer algo. Entre os mariñeiros, estaba o meu amigo e colaborador deste minixornal, Alvarito, que, deseguido, pasoume a nova xunto cun vídeo.

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/04/28/tiburon-vista-frente-playa-barra-65486076.html>

Os mariñeiros estaban abraiaados coa contemplación do escualo. Miraban e comentaban como se alimentaba de plancto, pero, o que non sabían era que o alimento que máis lles gusta a estes grandes peixes é o *miñoco-marisqueiro*, que se dá moi ben por algunhas zonas xunto a praias especiais, como a de Barra, onde o atopan en grandes bancos de *miñoca*: pequena, mediana e voluminosa; *ameixa*: tanto fina como babosa e, a carón das pequenas rochas do fondo, *centola*: tipo bruño felpudo, aínda que escaso nestes tempos .

Estas quenllas peregrinas coñecen moi ben os lugares onde atopar este alimento, que na zona das rías baixas, están en Barra en Cangas, Figueiras nas Cíes, Melide en Ons, aínda que nesta zona e dende hai anos, apareceu unha alga do tipo *téxtil* que está a decimar a estes elementos mariños, aínda que, fronte a ela está a zona de Bascuas, onde poden alimentarse ben.


O que ocorreu, case seguro, é que esta quenlla tiña avariados os equipos de navegación e confundiu as datas pois, este alimento tan apreciado por elas, dáse entre os meses de xuño a setembro, e non a finais de abril, polo que non tivo máis remedio que alimentarse de plancto, que normalmente o toman de aperitivo á hora do vermú.

**Fotos:** De arriba abaixo:

Figueiras en Cíes (<https://www.diariodelviajero.com/espana/figueiras-la-playa-nudista-de-las-islas-cies>)

Barra en Cangas (<https://naturismo.org/playas-nudistas/galicia/pontevedra/barra/>).

Quenlla peregrina (Alvarito)



## RUTA MARÍTIMA XACOBEO DAS ILLAS CASSITÉRIDES

### Primeira Ruta Iacobus Maris

Como xa teño explicado en anteriores Onstopus e na revista AUNIOS con varios artigos, dende o ano que se retomou pola Xunta o Xacobeo (1993), levo reivindicando que a Ruta Xacobeo Marítima, non se reduciara só á ría de Arousa, senón que, polo menos a zona galega, comezara na desembocadura do río Miño, pasando pola Garda, Baiona, Vigo, Illas Cíes, Bueu, Marín, Cangas, Illa de Ons, Illa de Sálvora, Ribeira, Grove, algún porto máis do Barbanza, Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilagarcía, Carril, Illa de Cortegada e remonte do río Ulla ata Pontecesures, logo a pé, seguindo o Camiño Portugués, ata Santiago.

Sería a Ruta galega do camiño marítimo que dende Jaffa, segundo conta a lenda, seguiron os discípulos do apóstolo Santiago ata Padrón.

Esta debería ser unha das Rutas principais, sen embargo, quedou relegada a unha mínima conmemoración en anos xacobeos pola ría de Arousa. Como xa teño explicado, ao igual que as Rutas terrestres, podería ter un importante auxe si dende os organismos oficiais se lle dese a dimensión que verdadeiramente merecería pola tradición do traslado dos restos do apóstolo por mar e animaría aos moitos clubs náuticos existentes en Galicia a programar anualmente esas singraduras xacobeas.


Ben, pois parece que este ano algo vaise facer e está programada unha Ruta co nome de Iacobus Maris que saíra de Jaffa e chegará ata as proximidades de Santiago por mar, con boa afluencia de grandes buques escola de diferentes países e coa posibilidade de poder participar.

Esperemos que teña unha boa acollida e, en anos sucesivos, polo menos en Galicia, a Ruta Marítima Xacobeo das Illas Cassitérides colla forza e que, dende logo a visita oficial para selar a Compostela pase, de xeito obrigado, polas Illas Atlánticas.

<https://iacobusmaris.org/>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2022/04/28/buque-escuela-italiano-palinuro-une-65505584.html>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/25/01-Ruta%20Xacobeo-Tinon.pdf>





## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Ten que ver co Onstopus 48 con relación ao tema das *Dornas*. Un lector dinos o seguinte: "... Que pena a desaparición da dorna polbeira de Ons. Era todo un cadro o velas na praia do muelle e as leas que os mariñeiros tiñan cos rapaces, e cos seus pais, porque os nenos xogaban a subirse nelas e as enchían de area.

Entrando no tema, a utilización das dornas para a pesca profesional é case anecdótico e, ao igual que eran moi boas mariñeiras, non obstante non eran boas auxiliares para os barcos a motor de baixura, o que trouxo, nas rías de Pontevedra e Arousa, o deixar de utilizalas e a súa sucesiva desaparición. Hoxe só son utilizadas por mariñeiros xubilados para ir pescar de xeito tradicional como pesca deportiva.


Para evitar a desaparición destes representativos barcos, as asociacións de embarcacións tradicionais están a levar un importante labor de recuperación e restauración, pero necesitan axudas económicas. Existen axudas? Coido que si, pero dende as institucións piden que se lles busque unha utilidade, non só arranxalas para saír con elas de cando en vez, senón que se empreguen nalgún labor formativo e instrutivo. Quizais é aí onde fallan esas asociacións.

Por iso o labor que vostede propón dun uso lúdico-didáctico en Ons, que pode levarse a calquera vila mariñeira das rías, é interesantísimo e con ese motivo, dende a administración, si poden prestar a axuda económica que as asociacións precisan para que esas embarcacións tradicionais non desaparezan.

Con estas letras apoio a idea e tamén solicito ao Parque Nacional que manteña un diálogo con esas asociacións e cos posibles beneficiarios desas actividades, e que a dorna volva a Ons como un elemento didáctico para coñecerla e aprender a navegar con ela."

Grazas por compartir a nosa teima, que levo-levamos solicitando ás administracións correspondentes dende hai tempo. En Ons, como nas demais illas do Parque, fai falla un dinamizad@r, con ideas e ganas de traballar e uns políticos e altos funcionarios que non se pechen en banda e deixen actuar. Quizais algún día haxa cambios e estes postulados sexan unha realidade!!

Fotos: Dorna da Asociación Os Galos e dorna como auxiliar.



Fotos: Parque Nacional



## OUTRO POSIBLE XACEMENTO ROMANO, NA ILLA DE SÁLVORA (9/05/2022)

Falaba na pág.1 deste Onstopus sobre o tema das subvencións para Proxectos Científicos no Parque Nacional e facía mención á importancia da realización de estudos sobre temática histórica, arqueolóxica e etnográfica. Hoxe, día 9 de maio sae esta interesantísima noticia dos traballos arqueolóxicos que se están levando na Illa de Sálvora, o que nos enche de grande alegría o saber que o Parque está aí, axudando a sacar á luz a historia das Illas. *Parabéns*.

Como levo dicindo dende hai xa moitos anos, antes de que pasara Ons a formar parte do Parque, que esta Illa tiña unha importantísima riqueza etnográfica, á que hai que dedicarlle tamén tempo e cartos.

Hai xente moi preparada que está realizando traballos sobre Ons neses campos, pero necesitan axuda, sobre todo para poder pescudar e logo poder editar os traballos realizados. No seu día propuxen ao Parque a unha persoa, licenciada en Historia Contemporánea para que lle prestaran axuda nas súas investigacións. Dixéronme que nese campo xa tiñan fichado, nada menos, que a Ramón Villares. Pasaron os anos e nada se mirou publicado, nin tan sequera se era verdade esa nova. Volvín a solicitar algunha contestación ao respecto e, como sempre, tiven a calada por resposta.

Agora sei que hai unha persoa investigando sobre temática etnográfica e con moi bos resultados, xa que está realizando un magnífico traballo de campo, e tamén que hai outra persoa, vinculada ao mundo dos documentais, que quere realizar un documental sobre a pesca do polbo. Terán a sorte de que os escoiten en Parques e os axuden?



# AUNIÓS

Nº 27

MAIO 2022



Presentación de AUNIÓS nº 27

## AUNIÓS Nº 27

### Illa de Ons

Presentouse o venres día 6 despois de dous anos sen podelo facer por causa da Covid.

Este ano o personaxe homenaxeado pola seu labor a prol da Illa de Ons foi Staffan Mörling, contando con tres artigos que falan sobre a súa vida, as súas obras sobre Ons e o discurso que pronunciou con motivo da exposición fotográfica con fotos da súa autoría dos anos 60 s.XX, realizados por Roberto Ledo e Arturo S. Cidrás.

Os demais artigos sobre Ons son de grande interese e perseguen o obxectivo da asociación que non é outro que dar a coñecer as peculiaridades de Ons para que investigadores cualificados traballen sobre elas.

Temos un magnífico artigo de Calo Lourido sobre o por que a Santa Compañía non habita en Ons e si en Noalla. Outro de M<sup>a</sup> Jesús Otero sobre unha posible telleira en Canexol. A segunda parte do Entroido na Illa de Dopazo Entenza. Sobre o aproveitamento micolóxico de Ons fala Juan Castiñeiras. E da necesidade de investigacións en Ons, baterías de costa contemporáneas, escribe un servidor.

Este número dedicámolo aos campamentos e zonas de acampada que se realizaban na Illa, así temos un magnífico artigo de Marcos Gago sobre o campamento Evanxélico de finais dos anos 70 e principios dos 80. Álvaro Camaway fala da acampada de Melide e Fernando Trigo sobre a acampada libre e zona de Chan da Pólvara.

Todos moi interesantes e que van descubrindo, paseniñamente, á illa de Ons porque todo o escrito forma parte da súa interesante historia.

## AUNIÓS Nº 27 O Grove – Salnés

A historia de Ons vai tamén paralela a dúas bisbarras: a do Morrazo e o Salnés. Sobre as terras do Salnés escriben:

Jacobo Fernández que fai un repaso á historia de Insuiña no mundo da acuicultura. Ferrer Jaureguizar cóntanos as profesións existentes nalgunhas poboacións, entre elas, as Bueu e Grove no ano 1881. Pillado Silvoso dá a coñecer unha faceta pouco coñecida de Ramón Cabanillas, a do ensino. Arias Chachero conta como ven a Illa da Toxa varias escritoras inglesas. Emilio Ínsua fala do activismo cultural de Núñez Búa. Antón Mascato penetra na desfeita do patrimonio de O Grove. Romay Cousido fálanos da conservación das aves no complexo Ons-O Grove. Francisco Meis escribe sobre a capela dos Fernández Mariño. Rematando Lino Pérez e Rafael Quintía tocando dous temas interesantes sobre a capela e os ritos da Lanzada.

## Tendas do campamento evanxélico en Curro



Gran Hotel da Toxa


## AUNIÓS Nº 27 Artigos varios

Outros artigos que contén a revista son: Poesías de Pepe Taboada. A bordo do Abrakadabra de Maracaibo. E un interesante artigo sobre os reloxos de sol antropomorfos da provincia de Pontevedra que o asina Estanislao F. de la Cigoña.

Así se completa este número que consideramos interesante, de doada lectura e que anima á investigación en moitos deles, ou, polo menos, é o que pretendemos, que sexan ampliados con máis datos para un mellor coñecemento da nosa historia.







### Centro de Visitantes

Diverso material arqueolóxico e etnográfico que, supoñemos, estará inventariado á espera de ser radicado nalgunha das salas do Centro.

<https://www.nadaincluido.com/isla-de-ons/>

Incrible a foto que atopamos na páxina de nadaincluido.com. Quen se podería imaxinar a praia de Melide totalmente ategada de bañistas e, dende logo, nada de nudismo? Vese que a alga coñecida como “*téxtil*” fixo a súa aparición no 1995 e, a partires daquela, quedou instalada. Que dirá Varu Camawaye disto?

### ATLÁNTICO DIARIO DE 20/05/2019

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/cies-ons-seran-autosuficientes-energia-2022/20190520151831709458.html>

### Cíes y Ons serán autosuficientes en energía en 2022



photo\_cameraLas Islas Cíes


La Autoridad Portuaria de Vigo, en colaboración con la Xunta, Ministerio de Industria y UE, lidera el denominado proyecto Tutatis, que contempla convertir Cíes y Ons en islas autosuficientes en materia energética en un plazo de tres años con el desarrollo de cuatro fases y la inversión de dos millones de euros.

La presentación la realizaron el presidente del Puerto, Enrique López Veiga, con el vicepresidente de la Xunta, Alfonso Rueda, y la conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez. El proyecto está ya perfilado y contempla el suministro de electricidad mediante fuentes fotovoltaicas y gas natural licuado, entre otros aspectos.

Isto contábannos os polícticos hai 3 anos. Non sei en Cíes, pero dende logo en Ons, nada de nada.

Como nos enganan!!! E aínda por riba pronto virán de novo para que lles votemos.

Agora o Sr. Rueda, Presidente da Xunta. Terían que ir os aunienses a pedirlle explicacións. Aínda que, tanto ten, seguirán votándolles igual.







### ONS NA MEMORIA

### “O COMATÍ”

Este é o último barco, dos bos de madeira, que tivo Cesáreo. Moitas xornadas de pesca teño pasado nel fotografando e gravando as faenas pesqueiras. Antes tivera Cesáreo *o Cro* con Francisco, *o Tacho*, *o Platuxa* con Manolo, e coido que tamén un que se chamaba *2 Victorias*.







# DÍA DAS

